



CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DO ÁREA DE MÚSICA

Para 1º da ESO



PROFESORES DO DEPARTAMENTO

VANESSA LORENZO UZAL ÁNGEL RODRIGUEZ MELLID

INDICE

INTRODUCCIÓN	2
1.- MARCO LEGAL	4
2.- CONTEXTO	4
3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
4.- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO	11
4.1.- OBXECTIVOS DA MATERIA INTRODUCCIÓN Á LINGUAXE MUSICAL. 1º ESO	12
5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	13
6.- ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	15
7.- METODOLOXÍA	19
8.- MATERIAL DE TRABALLO	19
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	19
10.- AVALIACIÓN	20
10.1.- INDICADORES DE LOGRO	21
10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	22
11.- PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO.PLAN DE TRABALLO	22
12.- TRATAMETNO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	23
13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	24
14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL	25

INTRODUCCIÓN

Este documento é unha Programación Didáctica elaborada polos profesores do departamento de música do IES Isidro Parga Pondal.

A través do ensino da música, tentaremos acercar ao alumnado a valores como a tolerancia e o respecto, así como á apertura a novas formas de expresión e ao enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades.

Conceptos como autosuperación, autodisciplina, ou xestión e control das propias capacidades, son sempre traballados co alumnado desde este departamento, aproveitando a especial idiosincrasia das materias impartidas.

A metodoloxía utilizada esta baseada sempre nunha visión do ensino dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible. Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a ESCOITA ACTIVA, como parte fundamental do desenvolvemento das capacidades perceptivas dos alumnos e, cando o traballo e o ambiente na aula o permitan, usarase tamén a ESCOITA PASIVA, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento intentarase que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula e fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente nesta área, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Posto que a música é unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o traballo en grupos. Os grupos organizaranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

1- MARCO LEGAL

O noso sistema educativo está actualmente regulado pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Baseámonos no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e Bacharelato en Galicia.

2- CONTEXTO

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes . En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar , ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior.

Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis próximo está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aula Mentor)

A aula de música atópase na segunda planta do centro. Na aula hai ordenador, canón, e tres pizarras: unha clásica e dúas pautadas.

A aula está medianamente, aínda que non o suficientemente insonorizada.

Está moi ben dotada de material instrumental, comprado coa asignación do departamento para completar a dotación inicial. Isto facilita todos os anos a consecución dos obxectivos da programación.

Bótase en falta, aínda así, un aula máis espaciosa para poder desenvolver todos os contidos, xa que, frecuentemente é necesario utilizar outros espazos do instituto coa conseguinte molestia para todos.

ALUMNADO

As diferentes materias impartidas polo departamento e o alumnado son os seguintes:

MATERIA	NÚMERO DE GRUPOS					
	ESO				BACHARELATO	
	1º	2º	3º	4º	1ºBACH	2º BACH
INTRODUCCIÓN AO LINGUAXE MUSICAL	5					
MÚSICA		5	4			
LINGUAXE PRÁCTICA MUSICAL					1	
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA						1

A materia “ Introducción á linguaxe musical”, é de libre configuración do centro. Ten como finalidade, entre outras, facilitar ao alumnado o paso de primaria a secundaria na disciplina de música.

Recuperamos a sección bilingüe en 2º ESO, con dous grupos, tras o ano da adaptación a pandemia pola covid-19.

Perdemos un grupo de 4º ESO. Analizando esta circunstancia excepcional para o noso departamento, chegamos a seguinte conclusión: a música como outras disciplinas require un esforzo e traballo que o alumnado non está disposto a facer. Esta actitude observámola dende fai uns dous anos. Mais os valores do esforzo, disciplina, entre outros moitos máis, son indispensables na formación do alumnado para logo aplicar na vida diaria, por elo, consideramos que son unha das bases que deben aprender e, por tanto, o departamento de música vai seguir traballando nesa liña.

A materia de 1º Bacharelato, Linguaxe da práctica musical, e de 2º Bacharelato, Historia da música e da danza, impartirase novamente este curso.

3- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave aparecen reflectidas no marco legal no *Real Decreto* gran pilar da Educación Secundaria e expresan a súa finalidade en relación co resto dos elementos curriculares segundo a *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

As competencias clave son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A finalidade das competencias básicas son varias:

- **integrar as diferentes aprendizaxes**, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.
- **permitirle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes**, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos
- **orientar o ensino**, identificando os contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e a organización dos centros educativos.

Identificamos oito competencias básicas:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística. CCL
- 2.- Competencia matemática. CM
- 3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CCT
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital. CD
- 5.- Competencia social e cívica. CSC
- 6.- Conciencia e expresións culturais. CEC
- 7.- Competencia para aprender a aprender. CAA
- 8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. SIEE

Coa aprendizaxe da Música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán varias das competencias básicas seguintes:

1.- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

2.- Competencia matemática. (CM)

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCT)

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que aparte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais

Analizando o funcionamento da industria discográfica, e incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que lles fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do entorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección das saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

4.- Tratamento da información e competencia dixital. (CD)

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

5.- Competencia social e cívica. (CSC)

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas o alumnado aprende valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e goce co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais - e entre elas, as musicais - proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorecen o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

6.- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

7.- Competencia para aprender a aprender. (CAA)

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que compre facer reparto de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

4- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

1	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
6	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas.
7	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
8	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4.1.- OBXECTIVOS DA MATERIA INTRODUCCIÓN Á LINGUAXE MUSICAL. 1º ESO

1	Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical que permitan a súa análise e interpretación.
2	Recoñecer ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais
3	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música
4	Amosar interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
5	Amosar unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respectar as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
6	Practicar, interpretar e memorizar pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuados ao nivel.
7	Adquirir o vocabulario específico que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais e establecer valoracións propias.
8	Empregar conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
9	Clasificar o instrumental Orff así coma diferenciar as súas sonoridades, características.

5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			TEMPORALIZACIÓN		PROBAS AVALIACIÓN
	Tema/ UD	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
1ª		B1-B2	BLOQUE1:INTERPRETACIÓN BLOQUE 2 :DESTREZAS MUSICAIS			
	1	B1.1	Diferenciación son-ruído e o silencio como marco esencial da música	Setembro	1	
	2	B1.2	Calidades do son: <ul style="list-style-type: none"> • Concepto de altura, a súa representación gráfica (as notas) • Concepto de pentagrama • Notas nas liñas do pentagrama • Notas nos espazos de pentagrama 	Set-Oct.	5	
	3	B2.1	Introducir practicamente as figuras , o ritmo e a intensidade mediante xogos percusivos co corpo	Nov-Dec.	Nunha parte de todas sesións Nov-Dec.	x
	4	B1.4	Concepto de clave.	Novembro	3	
		B2.2	Práctica da lectura das notas en clave de sol			
	5	B1.5	A voz humana como instrumento musical. Exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical	Dec.	2	x
	B2.4	Interpretar cancións de amplo repertorio partindo do coñecemento básico do aparato fonador, o seu funcionamento, a respiración, relaxación e afinación				
	B2.3	Realizar exercicios de respiración, relaxación, emisión e impostación.				

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			TEMPORALIZACIÓN		PROBAS AVAL.
	Tema/ UD	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
2ª		B1-B2	BLOQUE1:INTERPRETACIÓN BLOQUE 2 :DESTREZAS MUSICAIS			
	6	B1.6	Calidades do son: <ul style="list-style-type: none"> • Concepto de duración. • A súa representación gráfica (as figuras) • Normas de escritura. Concepto de pentagrama • Concepto de pulso. Metrónomo 	Xaneiro	3	x
	7	B1.7	Os instrumentos escolares. Técnica de execución. O corpo como instrumento musical	Feb-Marzo	7	x
		B2.5	Interpretar en grupo co conxunto instrumental Orff música de amplo repertorio			
		B2.6	Lectura individual de pezas instrumentais. Práctica lectura musical empregando partituras			
		B2.7	Interpreta obras en grupo con percusión corporal e instrumentos non convencionais			
	8	B1.8	Dictados rítmicos: negras, brancas	Xan-Feb Marzo	Nunha parte: Xan:3 Feb:3 Mar:4	
5	B2.4	Interpretar cancións de amplo repertorio partindo do coñecemento básico do aparato fonador, o seu funcionamento, a respiración, relaxación e afinación	Xan-Feb Marzo	Nunha parte sesión por mes		

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			TEMPORALIZACIÓN		PROBAS AVALIACIÓN
	Tema/ UD	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
3ª		B1-B2	BLOQUE1:INTERPRETACIÓN BLOQUE 2 :DESTREZAS MUSICAIS			
	9	B1.9	Calidades do son: intensidade e timbre <ul style="list-style-type: none"> • Concepto de intensidade. • A súa representación gráfica (as indicacións dinámicas) • Concepto de timbre. 	Abril	3	
	10	B1.10	Concepto de compás. Compases binarios, ternarios, cuaternarios (2/4,3/4,4/4).	Abril-Mayo Xuño	7	x
	11	B1.11	Concepto signos de prolongación e a súa aplicación práctica	Xuño	2	x
	8	B1.8.1	Ditados rítmicos: negras, brancas, corcheas e silencio negra	Abril-Mayo Xuño	Abril:2 Mayo:2 Xuñ:1	
	7	B2.5	Interpretar en grupo co conxunto instrumental Orff música de amplo repertorio	Estes contidos serán tratados durante todo a avaliación		
		B2.6	Lectura individual de pezas instrumentais. Práctica lectura musical empregando partituras			
		B2.7	Interpreta obras en grupo con percusión corporal e instrumentos non convencionais			
5	B2.4	Interpretar cancións de amplo repertorio partindo do coñecemento básico do aparato fonador, o seu funcionamento, a respiración, relaxación e afinación				

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			TEMPORALIZACIÓN		PROBAS AVALIACIÓN
		Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
TODAS		B2	BLOQUE 2: DESTREZAS MUSICAIS			
		B2	Práctica das pautas básicas de interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/as intérpretes, e adecuación ao conxunto	Estes contidos serán tratados durante todo o curso		
		B2	Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias			
		B2.4	Interese por cantar como fonte de pracer e expresión			
		B2.5	Introdución de hábitos de coidado dos instrumentos			
		B.2	Aceptación das normas que rexen o bo funcionamento do grupo			
		B.2	Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos con respecto, tomando conciencia como parte dun grupo.			

6.- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis/indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					Temas transversais			
Tema/LID	Identif. contidos	Identif. Criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos					Temas transversais		
							Parte teórica		Parte práctica			CL	EOE	EMP
							Proba escrita	Traballo Aula/clase	Lectura de notas	Ditados rítmicos	Interpretac. Instrument/vocal/corpor			
1	B1.1	B1.1	MUB1.1	CCEC	Recoñece e comprende a diferenza entre son-ruido	100%	90%	10%				X	X	
2	B1.2	B1.2	MUB1.2.1.	CCEC	Recoñece e comprende o concepto de calidade do son altura, empregando a linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
			MUB1.2.2	CCEC,CAA	Identifica e coloca no pentagrama a representación gráfica da altura: as notas	100%	90%	10%					X	
3	B2.1	B2.1	MUB2.1	CCEC,CAA	Recoñece, identifica e reproduce figuras rítmicas sinxelas empregando como medio a percusión corporal	50%				50%	50%		X	X
4	B1.4	B1.4	MUB1.4	CCEC	Comprende o concepto de clave e identifica, realiza a súa grafía no pentagrama	100%	90%	10%				X	X	
	B2.2	B2.2	MUB2.2	CCEC,CAA	Adquire a práctica da lectura das notas en clave de sol que lle permite ler una partitura de forma fluída	100%			100%					X
5	B1.5	B1.5	MUB1.5	CCEC	Identifica a voz como instrumento musical do noso corpo mais explora as súas posibilidades e comprende o seu funcionamento	100%	90%	10%				X	X	
	B2.4	B2.4	MUB2.4	CCEC,CAA	Canta pezas vocais propostas aplicando as técnicas que permiten una correcta emisión do son	50%					100%			X
	B2.3	B2.3	MUB2.3	CCEC,CAA	Practica a respiración, a relaxación, a emisión da voz, e impostación	50%					100%			X

LENDAS COMPETENCIAS

CAA
CCEC
CSIEE

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

LENDAS TRANSVERSAIS

CL
EOE
EMP

COMPRESIÓN LECTORA
EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA
EMPRENDEMENTO

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					Temas transversais			
Tema/LID	Identif. contidos	Identif. Criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos					Temas transversais		
							Parte teórica		Parte práctica			CL	EOE	EMP
							Proba escrita	Traballo Aula/clase	Lectura de notas	Ditados rítmicos	Interpretac. Instrument/vocal/corpor			
6	B1.6	B1.6	MUB1.6.1	CCEC	Comprende o concepto de pulso, metrónomo e da calidade do son duración empregando unha linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
			MUB1.6.2	CCEC,CAA	Recoñece e identifica a representación gráfica da duración:as figuras	100%	90%	10%					X	
			MUB1.6.3	CCEC,CAA	Escribe correctamente no pentagrama as figuras musicais	100%	90%	10%					X	
7	B1.7	B1.7	MUB1.7	CCEC	Recoñece e comprende o instrumental Orff, a súa técnica e as posibilidades do corpo como instrumento musical empregando a linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
	B2.5	B2.5	MUB2.5	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta en grupo pezas propostas para instrumental Orff aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras adecuadas ao nivel	50%					100%			X
	B2.6	B2.6	MUB2.6	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta de xeito individual pequenas pezas musicais de dez compases sobre unha nota ou dúas a primeira vista empregando todos os recursos aprendidos	50%				50%	50%			X
	B2.7	B2.7	MUB2.7	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta en grupo sinxelas pezas musicais que mesturan percusión corporal, voz con obxectos non convencionais(periódicos, escobas, botellas...)	50%					100%			X
8	B1.8	B1.8	MUB1.8	CCEC,CAA	Transcribe ditados rítmicos con negras, brancas e silencios de negra con formulacións sinxelas en estruturas cuaternarias	75%				100%			X	
5	B2.4	B2.4	MUB2.4	CCEC,CAA	Canta pezas vocais propostas aplicando as técnicas que permiten una correcta emisión do son	50%					100%			X

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					Temas transversais			
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos					Temas transversais		
							Parte teórica		Parte práctica			CL	EOE	EMP
							Proba escrita	Traballo Aula/clase	Lectura de notas	Ditados rítmicos	Interpretac. Instrument/vocal/corpor			
9	B1.9.	B1.9	MUB1.9.1	CCEC	Comprende os conceptos de calidade do son intensidade e timbre empregando unha linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
			MUB1.9.2	CAA	Comprende e identifica nas partituras a representación gráfica da intensidades: as indicacións dinámicas	100%	90%	10%					X	
10	B1.10	B1.10	MUB1.10.1	CCEC	Comprende o concepto de compás empregando a linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
			MUB1.10.2	CAA, CSIEE	Crea estruturas rítmicas con todas as figuras e silencios aprendidos empregando os compases 2/4,3/4,4/4	100%	90%	10%						X
11	B1.11	B1.11	MUB1.11.1	CCEC	Comprende o concepto de signos de prolongación empregando a linguaxe técnica apropiada	100%	90%	10%				X	X	
			MUB1.11.2	CAA	Identifica e comprende nas partituras os signos de prolongación	100%	90%	10%					X	
			MUB1.11.3	CAA, CSIEE	Aplica os signos de prolongación na creación de estruturas rítmicas empregando os compases ade 2/4, ¾, 4/4	100%	90%	10%						X
8	B1.8.1	B1.8.1	MUB1.8.1	CCEC,CAA	Transcribe ditados rítmicos con negras, brancas, silencio de negra e corchea con formulacións sinxelas en estruturas cuaternarias	75%				100%		X		
7	B2.5	B2.5	MUB2.5	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta en grupo pezas propostas para instrumental Orff aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras adecuadas ao nivel	50%					100%			X
	B2.6	B2.6	MUB2.6	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta de xeito individual pequenas pezas musicais de dez compases sobre unha nota ou dúas a primeira vista empregando todos os recursos aprendidos	50%			50%		50%			X
	B2.7	B2.7	MUB2.7	CCEC,CAA, CSIEE	Interpreta en grupo sinxelas pezas musicais que mesturan percusión corporal, voz con obxectos non convencionais(periódicos, escobas, botellas...)	50%					100%			X
5	B2.4	B2.4	MUB2.4	CCEC,CAA	Canta pezas vocais propostas aplicando as técnicas que permiten una correcta emisión do son	50%					100%			X

TODAS

TODAS			Estándares de aprendizaxe avaliables/indicadores de logro		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		Temas transversais			
Identif. contidos	Identif. Criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Instrumentos		Temas transversais		
						Observación directa na aula		EC	PV	EMP
B.2	B.2	MUB.2	CCEC, CSC, CAA	Valora e aplica as pautas básicas de interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/as intérpretes, e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo	100%	100%				X
B.2	B.2	MUB.2	CCEC,CAA, CSIEE	Amosa interese e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias	100%	100%				X
B.2	B.2	MUB.2	CCEC,CAA, CSIEE	Practica, interpreta,memoriza pezas instrumentais, vocais aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras , adecuadas ao nivel	70%	100%			X	X
B.2	B.2	MUB.2	CSC, CAA	Valora e aplica as normas que rexen o bo funcionamento do grupo	100%	100%		X		
B.2	B.2	MUB.2	CSC,CSIEE	Colabora con actitudes de mellora e compromiso, amosando unha actitude aberta e respectuosa nas interpretacións instrumentais/vocais.	100%	100%		X	X	
B.2	B.2	MUB.2	CSC,CSIEE, CCEC	Participa activamente na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos con respecto, tomando conciencia como parte dun grupo.	100%	100%		X	X	
B2.5	B2.5	MUB.2.5	CSC, CAA	Aplica os hábitos de coidado dos instrumentos	100%	100%		X		
B2.4	B2.4	MUB.2.4	CCEC,CAA,	Mostra interese por cantar como fonte de pracer e expresión	70%	100%		X		

7. - METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para poder "construír" os seus coñecementos o alumnado ten que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula e fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente na materia, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

Teremos en conta os seguintes aspectos xerais:

- ✓ Partir da competencia inicial do alumnado
- ✓ Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades
- ✓ Potenciar as metodoloxías activas: basearse na práctica instrumental
- ✓ Enfoque orientado á práctica musical e á audición

8. - MATERIAL DE TRABALLO

- É necesario o uso dun caderno ou sistema de folios pautados, que sirva para a realización das tarefas, exercicios e actividades.
- Non haberá libros de texto. O profesorado do departamento facilitará ao alumnado o material cos contidos necesarios para o desenvolvemento da materia

9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Apoio a alumnos con discapacidades severas

Neste curso por falta de horas e profesorado non prestará apoio a este alumnado fóra da aula por parte das profesoras do departamento. Sí serán atendidos polas profesoras especialistas en pedagogía terapéutica un número de sesións que aínda están sen determinar. Estamos á espera da reunión co departamento de orientación para establecer a liña de traballo para cada un dos casos en particular.

Apoio ao alumnado con altas capacidades

Neste curso seguimos mantendo a atención nun recreo á semana ao alumnado con altas capacidades. Este proxecto está incluído dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Nestes momentos estamos á espera da reunión co departamento de orientación para organizar o alumnado deste ano.

10. - AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial xeral ao principio do curso, tanto cos contidos teóricos como prácticos, para ver o nivel de coñecementos dos alumnos. Tamén será convinte avaliar o nivel de coñecementos específicos ao principio de cada Unidade Didáctica, para poder partir do estado real de coñecemento dos alumnos.

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- ✓ Corrección de cadernos de traballo persoal (exercicios...).
- ✓ Corrección de traballos encomendados, individuais ou de grupo.
- ✓ Haberá un exame práctico e outro teórico dos contidos desenrolados (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realízanse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: instrumental Orff.

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con instrumental Orff dunha partitura.
- ✓ Realización dun ditado rítmico
- ✓ Lectura de notas musicais (un mínimo de 60 nun minuto para aprobar).

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
40% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
20% restante será o que se desprende dos contidos a tratar en todas as avaliacións (os da última táboa).

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ Interpretar instrumentalmente a primeira vista pequenos repentes rítmico
- ✓ Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan na aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.
 - Non respectar os prazos do sistema de préstamo de instrumentos creado para salvar as dificultades do alumnado nesta parte da materia

En caso de suspender algunha avaliación, esta recupérase na seguinte xa que como é continúa sempre entran os contidos anteriores. Se a avaliación non superada é a 3ª, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

No procedemento de avaliación extraordinaria farase un exame práctico e teórico de todos os contidos prácticos durante o curso escolar. Os porcentaxes aplicados serán:

- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte práctica.

10.1.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- Le con soltura no pentagrama en clave de sol de Do a Fa'.
- Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria. Fai ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas.
- Interpreta en grupo sinxelas pezas musicais co instrumental Orff.
- É capaz de tocar individualmente a partichela dunha peza musical para instrumental Orff acompañado polo resto das liñas melódicas da partitura.

- Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.
- Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.
- Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
- Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
- É capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición (implica recoñecer os elementos gráficos).
- Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.
- Amosa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.
- Comprende e identifica nunha peza musical as indicacións dinámicas e os signos de prolongación.
- É autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.
- Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
- Participa activamente na realización do traballo colaborativo
- Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado
- Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.
- Transcribe ditados sinxelos empregando negras, brancas, corcheas e silencios de negra en estruturas cuaternarias.

10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos son:

- 1- Valoración dos resultados das avaliacións do alumnado
- 2- Comparación dos obxectivos realmente acadados e os propostos na programación
- 3- Enquisa ao alumnado sobre as dificultades atopadas

11.- PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO. PLAN DE TRABAJO

O alumnado avaliado negativamente en Introducción a linguaxe musical de 1º ESO terá que ter conta o seguinte:

Os contido esixibles son os mesmos que figuran na programación de Introducción a linguaxe musical de 1º ESO neste curso.

No transcurso do curso o alumnado coa materia de Introducción a linguaxe musical de 1º ESO pendente, terá que realizar unha serie de boletíns de exercicios de repaso para a adquisición dunha mellor aprendizaxe dos conceptos a estudar e facer controis trimestrais de maneira que poida superar a materia progresivamente.

Estes boletíns contarán o 20% na cualificación final, ademais de permitir a realización dos controis trimestrais da materia.

Cada avaliación lle serán entregados os boletíns e todas as semanas se lles ofrece a oportunidade de aclaración de dúbidas ou problemas que lles poidan aparecer.

Tres semanas antes do exame terán que entregalo para a súa revisión final; de non ser así, repercutirá na nota do exame.

Cada trimestre faranse controis trimestrais que contarán un 80% da nota final.

En caso de non superar a materia deste xeito, ben por non acadar o mínimo esixido ou ben por non facer as actividades de recuperación, caberá a posibilidade de presentarse a un exame final.

12. - TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para coidala saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na pubertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.

- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este ano escolar 2021-2022 , o claustro decidiu por maioría, non realizar actividades complementarias fóra do centro escolar; polo tanto, determinadas tarefas, como asistir aos concertos didácticos, musicais, a viaxe a Viena, etc..., suspéndense un ano máis.

Deste xeito, só levaremos a cabo as seguintes actividades complementarias:

- Participación do alumnado con diferentes interpretacións musicais, vocais e instrumentais para conmemorar festividadeas ou datas destacadas coma o Samaín, Entroido, Nadal...
- IV Semana da música: actividades musicais de formación para o alumnado e profesorado de música. Este proxecto foi deseñado dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.
- Diferentes audicións no centro realizadas polos alumnos de música do IES Isidro Parga Pondal
- Asistencia a actividades musicais on-line que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ter un gran interese para a formación musical do alumnado.
- Colaboración coa radio do IES e coa biblioteca.

14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL

14.1.- CONTIDOS E METODOLOXÍA

En caso de non poder exercer a docencia de xeito presencial, seguirase a programación do curso con tarefas propostas en Moodle, explicación e orientación do traballo das tarefas, titorías virtuais, vídeos e audios explicativos. Para elo empregaremos webex, moddle e correos electrónicos.

A parte práctica será a máis perxudicada neste tipo de docencia, xa que non se poderán levar a cabo todos os contidos, e polo tanto, tampouco avalialos, agás os ditados rítmicos e a lectura de notas. Para suplir dalgunha forma a interpretación co instrumental Orff, executarase a lectura rítmica con percusión corporal.

Para poder avanzar nestas prácticas, o profesor gravará en vídeo os ditados, para logo subilos a cada curso da aula virtual de 1º ESO. A tarefa do alumnado consistiría en transcribilo no papel pautado e mandarllo ao profesor para a súa corrección. Para a lectura de notas e a interpretación rítmica con percusión corporal, o alumnado gravarase en vídeo para que o profesor poida avaliar o seu avance. Ese vídeos teñen un fin exclusivamente educativo.

No caso da parte teórica, avanzarase na materia telemáticamente:

1. Mediante os cursos na Aula virtual: un curso Moodle para cada grupo de 1º ESO, con exercicios, vídeos explicativos, entregas e corrección de tarefas
2. Correo electrónico: ademais das dúbidas atendidas no Moodle o alumnado ten a súa disposición un correo do profesor creado para que poidan facer consultas, resolver dúbidas, no caso de que haxa algún problema co Moodle.
3. Clases vía Webex: todo o alumnado de música terá a súa clase de música, respectando o horario establecido ao comezo de curso, ou, o que a dirección do centro marque para unha mellor organización .

14.2.- AVALIACIÓN

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Corrección dos exercicios desenrolados cada semana.
- ✓ Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- ✓ Corrección de traballos encomendados.
- ✓ Realización de exames teóricos e prácticos. Haberá varios exames prácticos e teóricos dos contidos desenrolados.

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realizaranse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: os instrumentos escolares ...

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con percusión corporal dunha partitura rítmica.
- ✓ Realización dun ditado rítmico
- ✓ Lectura de notas musicais (un mínimo de 60 nun minuto para aprobar).

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

- 40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- 35% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
- 25% restante será o que se desprende da realización satisfactoria dos exercicios semanais e traballos encomendados.

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico, nos exercicios semanais e no traballos encomendados.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan nas clases telemáticas, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.



CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DO ÁREA DE MÚSICA

Para 3º da ESO



PROFESORES DO DEPARTAMENTO

VANESSA LORENZO UZAL

ÁNGEL MELLID

INDICE

INTRODUCCIÓN	2
1.- MARCO LEGAL	4
2.- CONTEXTO	4
3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
4.- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO	11
4.1.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE MUSICA PARA 3º ESO	12
5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	13
6.- ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	16
7.- METODOLOXÍA	20
8.- MATERIAL DE TRABALLO	20
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	20
10.- AVALIACIÓN	21
10.1.- INDICADORES DE LOGRO	23
10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	23
11.- PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO.PLAN DE TRABALLO	24
12.- TRATAMETNO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	24
13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26
14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL	26

INTRODUCCIÓN

Este documento é unha Programación Didáctica elaborada polos profesores do departamento de música do IES Isidro Parga Pondal.

A través do ensino da música, tentaremos acercar ao alumnado a valores como a tolerancia e o respecto, así como á apertura a novas formas de expresión e ao enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades.

Conceptos como autosuperación, autodisciplina, ou xestión e control das propias capacidades, son sempre traballados co alumnado desde este departamento, aproveitando a especial idiosincrasia das materias impartidas.

A metodoloxía utilizada esta baseada sempre nunha visión do ensino dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible. Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a ESCOITA ACTIVA, como parte fundamental do desenvolvemento das capacidades perceptivas dos alumnos e, cando o traballo e o ambiente na aula o permitan, usarase tamén a ESCOITA PASIVA, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento intentarase que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula é fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a

ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente nesta área, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Posto que a música e unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o traballo en grupos. Os grupos organizaranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

1- MARCO LEGAL

O noso sistema educativo está actualmente regulado pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Baseámonos no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e Bacharelato en Galicia.

2- CONTEXTO

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes . En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar , ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior.

Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis próximo está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aula Mentor)

A aula de música atópase na segunda planta do centro. Na aula hai ordenador, canón, e tres pizarras: unha clásica e dúas pautadas.

A aula está medianamente, aínda que non o suficientemente insonorizada.

Está moi ben dotada de material instrumental, comprado coa asignación do departamento para completar a dotación inicial. Isto facilita todos os anos a consecución dos obxectivos da programación.

Bótase en falta, aínda así, un aula máis espaciosa para poder desenvolver todos os contidos, xa que, frecuentemente é necesario utilizar outros espazos do instituto coa conseguinte molestia para todos.

ALUMNADO

As diferentes materias impartidas polo departamento e o alumnado son os seguintes:

MATERIA	NÚMERO DE GRUPOS					
	ESO				BACHARELATO	
	1º	2º	3º	4º	1ºBACH	2º BACH
INTRODUCCIÓN AO LINGUAXE MUSICAL	5					
MÚSICA		5	4			
LINGUAXE PRÁCTICA MUSICAL					1	
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA						1

A materia “ Introducción á linguaxe musical”, é de libre configuración do centro. Ten como finalidade, entre outras, facilitar ao alumnado o paso de primaria a secundaria na disciplina de música.

Recuperamos a sección bilingüe en 2º ESO, con dous grupos, tras o ano da adaptación a pandemia pola covid-19.

Perdemos un grupo de 4º ESO. Analizando esta circunstancia excepcional para o noso departamento, chegamos a seguinte conclusión: a música como outras disciplinas require un esforzo e traballo que o alumnado non está disposto a facer. Esta actitude observámola dende fai uns dous anos. Mais os valores do esforzo, disciplina, entre outros moitos máis, son indispensables na formación do alumnado para logo aplicar na vida diaria, por elo, consideramos que son unha das bases que deben aprender e, por tanto, o departamento de música vai seguir traballando nesa liña.

A materia de 1º Bacharelato, Linguaxe da práctica musical, e de 2º Bacharelato, Historia da música e da danza, impartírase novamente este curso.

3- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave aparecen reflectidas no marco legal no *Real Decreto* gran pilar da Educación Secundaria e expresan a súa finalidade en relación co resto dos elementos curriculares segundo a *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

As competencias clave son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A finalidade das competencias básicas son varias:

- **integrar as diferentes aprendizaxes**, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.
- **permitirle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes**, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos
- **orientar o ensino**, identificando os contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e a organización dos centros educativos.

Identificamos oito competencias básicas:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística. CCL
- 2.- Competencia matemática. CM
- 3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CCT
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital. CD
- 5.- Competencia social e cívica. CSC
- 6.- Conciencia e expresións culturais. CEC
- 7.- Competencia para aprender a aprender. CAA
- 8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. SIEE

Coa aprendizaxe da Música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán varias das competencias básicas seguintes:

1.- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao

coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

2.- Competencia matemática. (CM)

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda , a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCT)

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que aparte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais

Analizando o funcionamento da industria discográfica, e incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia,

pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que lles fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do entorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección das saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

4.- Tratamento da información e competencia dixital. (CD)

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

5.- Competencia social e cívica. (CSC)

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas o alumnado aprende valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e goce co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais - e entre elas, as musicais - proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorecen o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

6.- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra

banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

7.- Competencia para aprender a aprender. (CAA)

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que compe facer reparto de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

4- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

1	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
6	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas.
7	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
8	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4.1.- OBXECTIVOS DO CURSO 3º ESO

1	Dominar os elementos básicos da linguaxe musical que permitan a súa análise, lectura e interpretación.
2	Desenvolver as capacidades de análise de obras musicais como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural, comprendendo o seu uso social e as súas intencións expresivas.
3	Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, goce e apreciación musical.
4	Fomentar a audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal, con vistas a favorecer a ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
5	Coñecer as diferentes manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
6	Practicar, interpretar e memorizar pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuados ao nivel.
7	Diferenciar as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos máis característicos da música popular, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
8	Adquirir o vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais e establecer valoracións propias.
9	Introducirse na utilización das novas tecnoloxías para a reprodución, transmisión e gravación do fenómeno musical.
10	Participar en actividades musicais, tanto dentro como fóra da aula, individual e grupalmente, con actitude aberta, interesada e respectuosa

5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA					
	1	B1-B2	Repaso dos elementos da representación gráfica da música	Set - Out	6	
	2	B1.2	Textura	Out	2	
		B1.3	Procedementos compositivos e formas de organización musical		3	x
	3	B1.4	Experimentación e práctica das técnicas do movemente e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemente, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.	Nov	1	
		B1.5	Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.		1	
		B1.8	Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemente na realización de producións audiovisuais.		2	
	B1.10	Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula	2			
4	B2.7	Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	Nov - Dec	6	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	BLOQUE 2:ESCOITA. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS					
	5	B2-B4	Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.	Xan	2	
	6	B2.2	Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.	Xan	1	
		B2.3	Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.		1	
		B2.5	Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.		2	
	7	B2.6	Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	Feb	3	x
	8	B4.1	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	Feb	2	
		B4.2	Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.		2	
		B4.3	Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.		2	x
		B4.4	Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.	Mar	2	
B4.5		Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	3			

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións			
3ª Avaliac.	9	B3	BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS	Abr	2			
		B3.1	A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.				2	
		B3.4	Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.				2	
		B3.5	Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.				1	
	B3.6	O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	2	x				
	10	B3.7	Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas	Mai-Xuñ	4			
		B3.8	Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas		4			
		B3.9	Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	Xuñ	2			
		B3.10	Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia		2	x		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		
	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
TODAS	B1-B2	BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. BLOQUE 2: ESCOITA	Estos contidos serán tratados durante todo o curso.			
	B1.6	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.				
	B1.7	Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.				
	B1.9	Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.				
	B1.11	Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.				
	B1.12	Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.				
	B1.13	Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.				
	B2.4	Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.				
	B2.8	Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.				

6- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					Temas transversais						
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1	B1.1	MUB1.1.1	CCEC	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	100%	50%	90%	10%		x	x					
2	B1.2	B1.2	MUB1.2.1	CCEC, CAA	Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	50%	25%	90%	10%		x	x					
	B1.3	B1.3	MUB1.3.1	CCEC	Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	50%	25%	90%	10%							x	
3	B1.4	B1.4	MUB1.4.1	CCEC, CAA	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos	50%	5%			100%					x		
	B1.5		MUB1.4.3	CCEC	Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	40%	5%			100%					x		
	B1.8		MUB1.4.4	CCEC	Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	100%	20%			100%					x		
	B1.10	B1.5	MUB1.5.1	CCEC, CAA	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	60%	10%			100%					x		
			MUB1.5.2	CSIEE	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	100%	20%			100%					x		
4	B2.7	B2.5	MUB2.5.1	CCEC	Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.	100%	20%	90%	10%		x	x					
			MUB2.5.3	CAA	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	100%	20%	90%	10%			x					

2º Aval

Estándares de aprendizaxe avaliáveis / Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
5	B2.1	B2.1	MUB2.1.3	CCE, CAA	Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	50%	10%	50%		50%	x	x					
6	B2.2	B2.2	MUB2.2.1	CCEC	Le e analiza partituras como apoio á audición.	100%	30%			100%		x					
	B2.3																
	B2.5	B2.4	MUB2.4.2	CCEC, CSC	Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	100%	30%	100%			x						
7	B2.6	B2.4	MUB2.4.1	CAA	Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	100%	30%			100%							x
8	B4.1	B4.1	MUB4.1.1	CD, CCEC	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	50%	25%		50%	50%			x	x			
	B4.4																
	B4.3																
	B4.2	MUB4.1.2	CSC, CSIEE	Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	50%	25%			100%			x	x	x			
	B4.5	B4.2	MUB4.2.1	CD, CAA	Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos relacionados co feito musical.	100%	50%	50%	50%						x		

TODAS

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais							
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
	B1.6	B1.4	MUB1.4.5	CCEC, CAA	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público	30%	2.5%			100%						x		
	B1.7		MUB1.4.2	CCEC	Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	50%	3.3%			100%						x		
	B1.9		MUB1.4.4	CCEC	Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	80%	3.3%			100%						x		
	B1.11	B1.6	MUB1.6.1	CCEC, CSIEE	Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	70%	2.5%			100%					x	x		
			MUB1.6.2	CCEC	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	70%	2.5%			100%						x	x	
	MUB1.6.3		CSC	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	100%	2%			100%							x	x	
	B1.12		MUB1.6.4	CSC, CSIEE	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	100%	2.1%			100%						x	x	
			MUB1.6.5	CSIEE, CAA	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	100%	2%			100%							x	x
	B1.13	B1.7	MUB1.7.1	CCCEC	Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas	30%	2%			100%						x	x	
			MUB1.7.2	CD, CAA	Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.	30%	2.5%			100%						x		
	B2.4	B2.3	MUB2.3.1	CSC	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	100%	2%			100%						x	x	
	B2.8	B2.5	MUB2.5.2	CCL	Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.	40%	3.3%			100%	x			x	x			

LENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Competencia aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
 EOE Expresión oral e escrita
 CA Comunicación audiovisual
 TIC Tecnoloxías da información e comunicación
 EMP Emprendemento
 EC Educación cívica
 PV Prevención da violencia

7. - METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para poder "construír" os seus coñecementos o alumnado ten que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula é fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente na materia, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

Teremos en conta os seguintes aspectos xerais:

- ✓ Partir da competencia inicial do alumnado
- ✓ Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades
- ✓ Potenciar as metodoloxías activas: basearse na práctica instrumental
- ✓ Enfoque orientado á práctica musical e á audición

8. - MATERIAL DE TRABALLO

- É necesario o uso dun caderno ou sistema de folios pautados, que sirva para a realización das tarefas, exercicios e actividades.
- Non haberá libros de texto. O profesorado do departamento facilitará ao alumnado o material cos contidos necesarios para o desenvolvemento da materia

9. - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Apoio a alumnos con discapacidades severas

Neste curso por falta de horas e profesorado non prestará apoio a este alumnado fóra da aula por parte das profesoras do departamento. Sí serán atendidos polas profesoras especialistas en pedagogía terapéutica un número de sesións que aínda están sen determinar. Estamos á espera da reunión co departamento de orientación para establecer a liña de traballo para cada un dos casos en particular.

Apoio ao alumnado con altas capacidades

Neste curso seguimos mantendo a atención nun recreo á semana ao alumnado con altas capacidades. Este proxecto está incluído dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Nestes momentos estamos á espera da reunión co departamento de orientación para organizar o alumnado deste ano.

10. - AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial xeral ao principio do curso, tanto cos contidos teóricos como prácticos, para ver o nivel de coñecementos dos alumnos. Tamén será convinte avaliar o nivel de coñecementos específicos ao principio de cada Unidade Didáctica, para poder partir do estado real de coñecemento dos alumnos.

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- ✓ Corrección de cadernos de traballo persoal (exercicios...).
- ✓ Corrección de traballos encomendados, individuais ou de grupo.
- ✓ Haberá un exame práctico e outro teórico dos contidos desenrolados (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realízanse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: instrumental Orff, a voz, os instrumentos musicais, agrupación vocais e instrumentais...

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con instrumental Orff dunha partitura.
- ✓ Realización dun ditado rítmico
- ✓ Lectura de notas musicais (un mínimo de 60 nun minuto para aprobar).

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
40% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
20% restante será o que se desprende dos contidos a tratar en todas as
avaliacións (os da última táboa).

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas
de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte
para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares
de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a
cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ Interpretar instrumentalmente a primeira vista pequenos repentes rítmico – melódicos.
- ✓ Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan na aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.
 - Non respectar os prazos do sistema de préstamo de instrumentos creado para salvar as dificultades do alumnado nesta parte da materia

En caso de suspender algunha avaliación, esta recupérase na seguinte xa que como é continúa sempre entran os contidos anteriores. Se a avaliación non superada é a 3ª, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

No procedemento de avaliación extraordinaria farase un exame práctico e teórico de todos os contidos prácticos durante o curso escolar. Os porcentaxes aplicados serán:

- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte práctica.

10.1.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- Le con soltura no pentagrama en clave de sol até a primeira liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do puntillón de prolongación en brancas e negras.
- Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria. Fai ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas.
- Interpreta en grupo sinxelas pezas musicais co instrumental Orff.
- É capaz de tocar individualmente a partichela dunha peza musical para instrumental Orff acompañado polo resto das liñas melódicas da partitura.
- Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.
- Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.
- Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
- Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
- Recoñece auditiva e visualmente os instrumentos da orquestra sinfónica. Coñece as principais tesituras de voces.
- Coñece a formación e colocación da orquestra sinfónica.
- É capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición (implica recoñecer os elementos gráficos).
- Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.
- Aposa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.
- Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...
- É autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.
- Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
- Emprega distintas fontes de información, bibliográfica e dixital.
- Participa activamente na realización do traballo colaborativo
- Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado
- Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.
- Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos son:

- 1- Valoración dos resultados das avaliacións do alumnado

- 2- Comparación dos obxectivos realmente acadados e os propostos na programación
- 3- Enquisa ao alumnado sobre as dificultades atopadas

11. - PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO. PLAN DE TRABAJO

O alumnado avaliado negativamente en 3º ESO terá que ter conta o seguinte:

- ✓ Os contido esixibles son os mesmos que figuran na programación de 3º ESO neste curso.
- ✓ No transcurso do curso o alumnado coa materia de música 3º ESO pendente, terá que realizar unha serie de boletíns de exercicios de repaso para a adquisición dunha mellor aprendizaxe dos conceptos a estudar e facer controis trimestrais de maneira que poida superar a materia progresivamente.
- ✓ Estes boletíns contarán o 20% na cualificación final, ademais de permitir a realización dos controis trimestrais da materia.
- ✓ Cada avaliación lle serán entregados os boletíns e todas as semanas se lles ofrece a oportunidade de aclaración de dúbidas ou problemas que lles poidan aparecer.
- ✓ Tres semanas antes do exame terán que entregalo para a súa revisión final; de non ser así, repercutirá na nota do exame.
- ✓ Cada trimestre faranse controis trimestrais que contarán un 80% da nota final.
- ✓ En caso de non superar a materia deste xeito, ben por non acadar o mínimo esixido ou ben por non facer as actividades de recuperación , caberá a posibilidade de presentarse a un exame final.

12 - TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para coidala saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.

- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na pubertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este ano escolar 2021-2022 , o claustro decidiu por maioría, non realizar actividades complementarias fóra do centro escolar; polo tanto, determinadas tarefas, como asistir aos concertos didácticos, musicais, a viaxe a Viena, etc..., suspéndense un ano máis.

Deste xeito, só levaremos a cabo as seguintes actividades complementarias:

- Participación do alumnado con diferentes interpretacións musicais, vocais e instrumentais para conmemorar festividades ou datas destacadas coma o Samaín, Entroido, Nadal...
- IV Semana da música: actividades musicais de formación para o alumnado e profesorado de música. Este proxecto foi deseñado dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.
- Diferentes audicións no centro realizadas polos alumnos de música do IES Isidro Parga Pondal
- Asistencia a actividades musicais on-line que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ter un gran interese para a formación musical do alumnado.
- Colaboración coa radio do IES e coa biblioteca.

14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL

14.1.- CONTIDOS E METODOLOXÍA

En caso de non poder exercer a docencia de xeito presencial, seguirase a programación do curso con tarefas propostas en Moodle, explicación e orientación do traballo das tarefas, titorías virtuais, vídeos e audios explicativos. Para elo empregaremos webex, moddle e correos electrónicos.

A parte práctica será a máis perxudicada neste tipo de docencia, xa que non se poderán levar a cabo todos os contidos, e polo tanto, tampouco avalialos, agás os ditados

rítmicos e a lectura de notas. Para suplir dalgunha forma a interpretación co instrumental Orff, executarase a lectura rítmica con percusión corporal.

Para poder avanzar nestas prácticas, o profesor gravará en vídeo os ditados, para logo subilos a cada curso da aula virtual de 3º ESO. A tarefa do alumnado consistiría en transcribilo no papel pautado e mandarllo ao profesor para a súa corrección. Para a lectura de notas e a interpretación rítmica con percusión corporal, o alumnado gravarase en vídeo para que o profesor poida avaliar o seu avance. Ese vídeos teñen un fin exclusivamente educativo.

No caso da parte teórica, avanzarase na materia telemáticamente:

1. Mediante os cursos na Aula virtual: un curso Moodle para cada grupo de 3º ESO, con exercicios, vídeos explicativos, entregas e corrección de tarefas
2. Correo electrónico: ademais das dúbidas atendidas no Moodle o alumnado ten a súa disposición un correo do profesor creado para que poidan facer consultas, resolver dúbidas, no caso de que haxa algún problema co Moodle.
3. Clases vía Webex: todo o alumnado de música terá a súa clase de música, respectando o horario establecido ao comezo de curso, ou, o que a dirección do centro marque para unha mellor organización .
4. Traballarase a edición de partituras co programa MuseScore

14.2.- AVALIACIÓN

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Corrección dos exercicios desenrolados cada semana.
- ✓ Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- ✓ Corrección de traballos encomendados.
- ✓ Realización de exames teóricos e prácticos. Haberá varios exames práctico e teóricos dos contidos desenrolados.

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realizaranse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: os instrumentos musicais, agrupación vocais e instrumentais, a Idade Media, Renacemento, Barroco ..., edición de partituras con museScore.

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con percusión corporal dunha partitura rítmica.
- ✓ Realización dun ditado rítmico

- ✓ Lectura de notas musicais (un mínimo de 60 nun minuto para aprobar).

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

- 40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- 35% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
- 25% restante será o que se desprende da realización satisfactoria dos exercicios semanais e traballos encomendados.

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico, nos exercicios semanais e no traballos encomendados.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan nas clases telemáticas, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.



CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DO ÁREA DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

Para 1º de Bacharelato



PROFESORES DO DEPARTAMENTO

VANESSA LORENZO UZAL ÁNGEL RODRÍGUEZ MELLID

INDICE

INTRODUCCIÓN	3
1.- MARCO LEGAL	5
2.- CONTEXTO	5
3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
4.- OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO	11
4.1.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE MUSICA PARA 1º BACH	12
5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	13
6.- ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	16
7.- METODOLOXÍA	20
8.- MATERIAL DE TRABALLO	20
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	20
10.- AVALIACIÓN	21
10.1.- INDICADORES DE LOGRO	23
10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	25
11.- PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO.PLAN DE TRABALLO	25
12.- TRATAMETNO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	26
13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	27
14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL	28

INTRODUCCIÓN

Este documento é unha Programación Didáctica elaborada polos profesores do departamento de música do IES Isidro Parga Pondal.

A través do ensino da música, tentaremos acercar ao alumnado a valores como a tolerancia e o respecto, así como á apertura a novas formas de expresión e ao enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades.

Conceptos como autosuperación, autodisciplina, ou xestión e control das propias capacidades, son sempre traballados co alumnado desde este departamento, aproveitando a especial idiosincrasia das materias impartidas.

A metodoloxía utilizada esta baseada sempre nunha visión do ensino dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible. Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a ESCOITA ACTIVA, como parte fundamental do desenvolvemento das capacidades perceptivas dos alumnos e, cando o traballo e o ambiente na aula o permitan, usarase tamén a ESCOITA PASIVA, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento intentarase que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula e fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente nesta área, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Posto que a música é unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o traballo en grupos. Os grupos organizaranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

1- MARCO LEGAL

O noso sistema educativo está actualmente regulado pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Baseámonos no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e Bacharelato en Galicia.

2- CONTEXTO

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes . En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar , ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior.

Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis próximo está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aula Mentor)

A aula de música atópase na segunda planta do centro. Na aula hai ordenador, canón, e tres pizarras: unha clásica e dúas pautadas.

A aula está medianamente, aínda que non o suficientemente insonorizada.

Está moi ben dotada de material instrumental, comprado coa asignación do departamento para completar a dotación inicial. Isto facilita todos os anos a consecución dos obxectivos da programación.

Bótase en falta, aínda así, un aula máis espaciosa para poder desenvolver todos os contidos, xa que, frecuentemente é necesario utilizar outros espazos do instituto coa conseguinte molestia para todos.

ALUMNADO

As diferentes materias impartidas polo departamento e o alumnado son os seguintes:

MATERIA	NÚMERO DE GRUPOS					
	ESO				BACHARELATO	
	1º	2º	3º	4º	1ºBACH	2º BACH
INTRODUCCIÓN AO LINGUAXE MUSICAL	5					
MÚSICA		5	4			
LINGUAXE PRÁCTICA MUSICAL					1	
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA						1

A materia “ Introducción á linguaxe musical”, é de libre configuración do centro. Ten como finalidade, entre outras, facilitar ao alumnado o paso de primaria a secundaria na disciplina de música.

Recuperamos a sección bilingüe en 2º ESO, con dous grupos, tras o ano da adaptación a pandemia pola covid-19.

Perdemos un grupo de 4º ESO. Analizando esta circunstancia excepcional para o noso departamento, chegamos a seguinte conclusión: a música como outras disciplinas require un esforzo e traballo que o alumnado non está disposto a facer. Esta actitude observámola dende fai uns dous anos. Mais os valores do esforzo, disciplina, entre outros moitos máis, son indispensables na formación do alumnado para logo aplicar na vida diaria, por elo, consideramos que son unha das bases que deben aprender e, por tanto, o departamento de música vai seguir traballando nesa liña.

A materia de 1º Bacharelato, Linguaxe da práctica musical, e de 2º Bacharelato, Historia da música e da danza, impartirase novamente este curso.

3- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave aparecen reflectidas no marco legal no *Real Decreto* gran pilar da Educación Secundaria e expresan a súa finalidade en relación co resto dos elementos curriculares segundo a *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

As competencias clave son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A finalidade das competencias básicas son varias:

- **integrar as diferentes aprendizaxes**, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.
- **permitirle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes**, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos
- **orientar o ensino**, identificando os contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e a organización dos centros educativos.

Identificamos oito competencias básicas:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística. CCL
- 2.- Competencia matemática. CM
- 3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CCT
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital. CD
- 5.- Competencia social e cívica. CSC
- 6.- Conciencia e expresións culturais. CEC
- 7.- Competencia para aprender a aprender. CAA
- 8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. SIEE

Coa aprendizaxe da Música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán varias das competencias básicas seguintes:

1.- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtítuloado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

2.- Competencia matemática. (CM)

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCT)

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que aparte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais

Analizando o funcionamento da industria discográfica, e incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que lles fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do entorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección das saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

4.- Tratamento da información e competencia dixital. (CD)

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

5.- Competencia social e cívica. (CSC)

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas o alumnado aprende valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e goce co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais - e entre elas, as musicais - proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorecen o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

6.- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

7.- Competencia para aprender a aprender. (CAA)

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que compre facer reparto de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

4- OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego
11	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.1.- OBXECTIVOS DO CURSO 1º BACHARELATO

1	Valora-las múltiples manifestacións musicais que se producen na nosa sociedade desde distintos puntos de vista. Utilizar un método de análise musical baseado na audición e na investigación, para coñecer aspectos estilísticos e formais da obra.
2	Comprende-lo proceso de creación e de difusión das obras musicais, considerando o papel do compositor, dos intérpretes e dos medios utilizados en cada momento histórico.
3	Coñecer e valora-la utilización que se fai da música nos medios audiovisuais, deseñando actividades e experiencias para afondar nas posibilidades expresivas que a música ten nestes medios.
4	Percibi-la música como unha manifestación artística inmersa na súa propia historia e, á vez, aberta á innovación, considerando outros factores extramusicaís con influencia no proceso creativo.
5	Contribuír coas súas ideas e experiencias na organización e no desenvolvemento das actividades musicais que se realicen no centro.
6	Expresarse por medio da voz e dos instrumentos, tanto en obras do repertorio como nas improvisacións.
7	Coñecer e utilizar con actitude crítica os principios recursos musicais que ofrece a comunidade , como concertos , bailes... como medios para o lecer durante o tempo de ocio.

5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
1ª Avaliac.	BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL					
	1	B3	Coñecemento das graffias das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc	Set	6	
		B3.10	Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.	Out	2	
		B3.2	Coñecemento das graffias e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons.		3	
		B3.3	Aproximación ás graffias contemporáneas.		1	
		B3.4	Coñecemento das normas de escritura melódica.		3	
	2	B3.5	Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.		2	x
		B3.6	Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.	Nov -Dec	6	
		B3.7	Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.		6	
		B3.8	Coñecemento da ornamentación musical.		3	x
B3.9		Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.	Dec	3		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
2ª Avaliac.	BLOQUE 2: AUDIÇÃO COMPRESIVA. BLOQUE 4: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN					
	3	B2.1	Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.	Xan-feb	2	
		B2.2	Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario		2	
		B4.7	Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos		2	
		B2.3	Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncofes, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc		3	
		B4.1	Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.		2	
	4	B2.4	Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.	Feb-marzo	2	
		B2.5	Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.		2	
		B2.10	Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas.		2	
		B4.3	Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.		3	x
	5	B2.6	Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.	Mar	2	
		B2.7	Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.		2	
		B2.8	Reproducción vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.		3	
		B4.5	Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.		4	x

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
3ª Avaliac.		B1-B5	BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS. BLOQUE 5: TECNOLOXÍAS APLICADAS Ó SON				
	6	B1.1	Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.	Abr	2		
		B1.2	Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.		2		
		B1.3	Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.		1		
		B1.4	Interiorización do pulso		1		
		B1.5	Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques		1		
		B1.6	Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.		1		
		B1.7	Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.		1		
		B1.8	Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.		2		x
	7	B5.1	Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier	Abr-Mai	1		
		B5.2	Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son		2		
		B5.3	Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.		2		
		B5.4	Transmisión e amortecemento do son.		2		
		B5.5	Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.		1		
		B5.6	Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.	1			
		B5.7	Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.	1			
		B5.8	Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.	Maio-Xuñ	4		
		B5.9	Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.		3		
B5.10		Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.	2				
B5.11	Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.	3			x		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		
	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
TODAS	B4	BLOQUE 4: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN				Estos contidos serán tratados durante todo o curso.
	B4.2	Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.				
	B4.4	Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.				
	B4.6	Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.				
	B4.8	Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos				
	B4.9	Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.				

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
3	B2.1	B2.1	LPMB2.1.1	CMCCT, CSC	Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva	100%	60%		50%	50%	x						
	B2.2																
	B4.7	B4.4	LPMB4.4.2	CSC, CAA	Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra	20%	5%		50%	50%					x		
	B2.3	B2.1	LPMB2.1.1	CMCCT, CSC	Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva							x				x	
	B4.1	B4.1	LPMB4.1.1	CMCCT	Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.	60%	35%		50%	50%		x				x	
4	B2.4	B2.2	LPMB2.2.4	CCEC	Escoita e reconece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea	60%	10%	50%	50%							x	x
	B2.5		LPMB2.2.5	CCEC, CCL	Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada	70%	25%	100%				x	x				
	B2.10		LPMB2.2.1	CMCCT, CCEC	Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.	80%	25%		50%	50%			x				
	B4.3	B4.2	LPMB4.2.1	CCEC, CSIEE	Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical	90%	40%	100%							x		
5	B2.6	B2.2	LPMB2.2.2	CCEC	Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.	80%	15%		50%	50%	x	x					
	B2.7		LPMB2.2.3		Escoita obras musicais seguindo a partitura.	100%	25%			100%				x			
	B2.8		LPMB2.2.2		Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición	100%	25%	50%		50%	x		x				
	B4.5	B4.4	LPMB4.4.1	CCEC, CAA, CMCCT, CSIEE	Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos	60%	10%		50%	50%					x		
	B2.9	B2.2	LPMB2.2.3	CCEC	Escoita obras musicais seguindo a partitura.	100%	25%		50%	50%			x				

3ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais							
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
6	B1.1	B1.1	LPMB1.1.1	CMCCT	Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador	100%	25%	100%			x							
			LPMB1.1.2	CAA, CSC	Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.	50%	10%		50%	50%					x			
			LPMB1.1.3	CSC, CCEC	Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura	50%	10%			100%		x				x		
	B1.2	B1.2	LPMB1.2.1	CAA, CSC, CMCCT	Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz	10%	5%			100%					x			
	B1.3	B1.3	LPMB1.3.1	CMCCT, CCEC	Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.	30%	15%			100%		x						
	B1.5		LPMB1.3.2	CMCCT, CSC	Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.	50%	10%		50%	50%		x			x			
	B1.6		LPMB1.3.3	CAA, CMCCT, CCEC	Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	100%	25%		50%	50%	x							
	B1.7																	
B1.8																		
7	B5.1	B5.1	LPMB5.1.1	CD, CMCCT	Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.	100%	50%	25%	25%	50%					x			
	B5.2																	
	B5.3																	
	B5.4																	
	B5.5																	
	B5.6																	
	B5.7																	
	B5.8																	
	B5.9	B5.2	LPMB5.2.2	CAA, CD, CMCCT	Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	100%	50%		50%	50%					x			
	B5.10																	
	B5.11																	

TODAS

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
								Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
	B4.2	B4.2	LPMB4.2.1	CCEC, CSIEE	Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical	50%	3.3%			100%		x			x		
	B4.4	B4.3	LPMB4.3.1	CCEC	Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva	70%	3.3%			100%					x		
LPMB4.3.2			CSC, CCEC	Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.	100%	3.4%			100%							x	x
LPMB4.3.3			CAA, CSC	Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	90%	3.3%			100%							x	
LPMB4.3.4			CAA, CSC	Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.	80%	3.3%			100%							x	
LPMB4.3.5			CSC, CSIEE	Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo	100%	3.4%			100%								x
	B4.6	B4.4	LPMB4.4.2	CSC, CAA	Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra	20%	3.3%			100%					x		
	B4.8	B4.5	LPMB4.5.2	CSC	Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico	30%	3.3%			100%						x	x
	B4.9		LPMB4.5.1		Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.	100%	3.4%			100%							x

LENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Competencia aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
 EOE Expresión oral e escrita
 CA Comunicación audiovisual
 TIC Tecnoloxías da información e comunicación
 EMP Emprendemento
 EC Educación cívica
 PV Prevención da violencia

7. - METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para poder "construír" os seus coñecementos o alumnado ten que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula é fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente na materia, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

Teremos en conta os seguintes aspectos xerais:

- ✓ Partir da competencia inicial do alumnado
- ✓ Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades
- ✓ Potenciar as metodoloxías activas: basearse na práctica instrumental
- ✓ Enfoque orientado á práctica musical e á audición

8. - MATERIAL DE TRABALLO

- É necesario o uso dun caderno ou sistema de folios pautados, que sirva para a realización das tarefas, exercicios e actividades.
- Non haberá libros de texto. O profesorado do departamento facilitará ao alumnado o material cos contidos necesarios para o desenvolvemento da materia

9. - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Apoio a alumnos con discapacidades severas

Neste curso por falta de horas e profesorado non prestará apoio a este alumnado fóra da aula por parte das profesoras do departamento. Sí serán atendidos polas profesoras especialistas en pedagogía terapéutica un número de sesións que aínda están sen determinar. Estamos á espera da reunión co

departamento de orientación para establecer a liña de traballo para cada un dos casos en particular.

Apoio ao alumnado con altas capacidades

Neste curso seguimos mantendo a atención nun recreo á semana ao alumnado con altas capacidades. Este proxecto está incluído dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Nestes momentos estamos á espera da reunión co departamento de orientación para organizar o alumnado deste ano.

10. - AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial xeral ao principio do curso, tanto cos contidos teóricos como prácticos, para ver o nivel de coñecementos dos alumnos. Tamén será convinte avaliar o nivel de coñecementos específicos ao principio de cada Unidade Didáctica, para poder partir do estado real de coñecemento dos alumnos.

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- ✓ Corrección de cadernos de traballo persoal (exercicios...).
- ✓ Corrección de traballos encomendados, individuais ou de grupo.
- ✓ Haberá un exame práctico e outro teórico dos contidos desenrolados (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realizaranse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: edición de partituras con museScore, identificación auditiva e as súas características da música culta, música do mundo...

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con instrumental Orff dunha partitura.
- ✓ Realización dun ditado rítmico /melódico
- ✓ Lectura e interpretación dun repente musical (rítmico-melódico) en estrutura cuaternaria con instrumental Orff

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

30% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
50% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
20% restante será o que se desprende dos contidos a tratar en todas as
avaliacións (os da última táboa).

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas
de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte
para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares
de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a
cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan na aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.
 - Non respectar os prazos do sistema de préstamo de instrumentos creado para salvar as dificultades do alumnado nesta parte da materia

En caso de suspender algunha avaliación, esta recupérase na seguinte xa que como é continúa sempre entran os contidos anteriores. Se a avaliación non superada é a 3ª, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

No procedemento de avaliación extraordinaria farase un exame práctico e teórico de todos os contidos prácticos durante o curso escolar. Os porcentaxes aplicados serán:

- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- ✓ 50% da cualificación das probas feitas na parte práctica.

10.1.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Le con soltura no pentagrama en clave de sol até a primeira liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do puntiño de prolongación en brancas e negras.

Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.

Fai ditados empregando estruturas rítmicas máis complexas en compases cuaternarios.

Interpreta en grupo pezas musicais máis complexas co instrumental Orff

Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa

É capaz de tocar individualmente a partichela dunha peza musical para instrumental Orff acompañado polo resto das liñas melódicas da partitura.

Realiza ditados rítmicos en 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmos, puntillos en brancas, negras e corcheas. Comezos téticos e anacrúsicos. Síncopes de negra entre corcheas (♩♩♩) e de corcheas entre semicorcheas.

Fai ditados en Do M e lam, notas desde o si² ata o re⁴, coas figuracións rítmicas indicadas no anterior parágrafo.

Recoñecemento de acordes maiores e menores, nas súas inversións, e nas súas distintas disposicións, grao e función da escala á que pertence segundo as tonalidades das partituras

Recoñecemento auditivo dos instrumentos da orquestra sinfónica, piano, guitarra, instrumentos da banda de rock standar, da música tradicional galega, e das principais agrupacións vocais.

Modificacións ao longo da historia: Orquestra barroca, orquestra clásica, orquestra romántica, orquestra sinfónica do século XX e recoñecemento auditivo das mesmas.

Identifica texturas en audicións. Monodía, Polifonía (texturas contrapuntísticas), Homofonía (Melodía acompañada) e Heterofonía.

Ser capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer, comprender e saber explicar os os elementos gráficos.

Comprende e sabe explicar os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma..

Identifica e trata de seguir partituras de música contemporánea

Comprende a relación entre as tres claves e as tesituras.

Comprende as especies de intervalos simples.

Realiza e identifica auditivamente escalas cromáticas e pentatónicas

Fai transcricións nas tres claves coñecidas.

Recoñece os acordes triadas en estado fundamental e en inversión

Recoñece os acordes cuatríadas de dominante e de sensible.

Recoñece auditivamente e funcionalmente as cadencias.

Recoñece e sabe cifrar os acordes tanto no cifrado barroco e no de Jazz

Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

Crea melodías con sentido musical atendendo a unha serie de instrucións no editor de partituras

Improvisa e crea ritmos sobre textos dados.

Crea harmonizacións sinxelas a partir de melodías dadas ou orixinais.

Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación

Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.

Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.

Comprende o fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.

Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón

Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas

Emprega con autonomía un editor de partituras (musescore)

Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)

Coñece as posibilidades dun editor de partituras online (noteflight)

Comprende el concepto de música en streaming

Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.

Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.

Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.

Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de error.

Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.

Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.

Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.

Amosa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.

10.2.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos son:

- 1- Valoración dos resultados das avaliacións do alumnado
- 2- Comparación dos obxectivos realmente acadados e os propostos na programación
- 3- Enquisa ao alumnado sobre as dificultades atopadas

11. - PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO. PLAN DE TRABAJO

O alumnado avaliado negativamente en 1º BACH terá que ter conta o seguinte:

- ✓ Os contido esixibles son os mesmos que figuran na programación de 1º BACH neste curso.
- ✓ No transcurso do curso o alumnado coa materia de música 1º BACH pendente, terá que realizar unha serie de boletíns de exercicios de repaso para a adquisición dunha mellor aprendizaxe dos conceptos a estudar e facer controis trimestrais de maneira que poida superar a materia progresivamente.

- ✓ Estes boletíns contarán o 20% na cualificación final, ademais de permitir a realización dos controis trimestrais da materia.
- ✓ Cada avaliación lle serán entregados os boletíns e todas as semanas se lles ofrece a oportunidade de aclaración de dúbidas ou problemas que lles poidan aparecer.
- ✓ Tres semanas antes do exame terán que entregalo para a súa revisión final; de non ser así, repercutirá na nota do exame.
- ✓ Cada trimestre faranse controis trimestrais que contarán un 80% da nota final.
- ✓ En caso de non superar a materia deste xeito, ben por non acadar o mínimo esixido ou ben por non facer as actividades de recuperación , caberá a posibilidade de presentarse a un exame final.

12. - TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para coidala saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na pubertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este ano escolar 2021-2022 , o claustro decidiu por maioría, non realizar actividades complementarias fóra do centro escolar; polo tanto, determinadas tarefas, como asistir aos concertos didácticos, musicais, a viaxe a Viena, etc..., suspéndense un ano máis.

Deste xeito, só levaremos a cabo as seguintes actividades complementarias:

- Participación do alumnado con diferentes interpretacións musicais, vocais e instrumentais para conmemorar festividades ou datas destacadas coma o Samaín, Entroido, Nadal...
- IV Semana da música: actividades musicais de formación para o alumnado e profesorado de música. Este proxecto foi deseñado dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

- Diferentes audicións no centro realizadas polos alumnos de música do IES Isidro Parga Pondal
- Asistencia a actividades musicais on-line que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ter un gran interese para a formación musical do alumnado.
- Colaboración coa radio do IES e coa biblioteca.

14.- DOCENCIA NON PRESENCIAL

14.1.- CONTIDOS E METODOLOXÍA

En caso de non poder exercer a docencia de xeito presencial, seguirase a programación do curso con tarefas propostas en Moodle, explicación e orientación do traballo das tarefas, titorías virtuais, vídeos e audios explicativos. Para elo empregaremos webex, moddle e correos electrónicos.

A parte práctica será a máis perxudicada neste tipo de docencia, xa que non se poderán levar a cabo todos os contidos, e polo tanto, tampouco avalialos, agás os ditados rítmicos e a lectura musical. Para suplir dalgunha forma a interpretación co instrumental Orff, executarase a lectura rítmica con percusión corporal.

Para poder avanzar nestas prácticas, o profesor gravará en vídeo os ditados, para logo subilos a cada curso da aula virtual de 1º Bach. A tarefa do alumnado consistiría en transcribilo no papel pautado e mandarllo ao profesor para a súa corrección. Para a lectura musical e a interpretación rítmica con percusión corporal, o alumnado gravarase en vídeo para que o profesor poida avaliar o seu avance. Eses vídeos teñen un fin exclusivamente educativo.

No caso da parte teórica, avanzarase na materia telemáticamente:

1. Mediante os cursos na Aula virtual: un curso Moodle para cada grupo de 1º Bach, con exercicios, vídeos explicativos, entregas e corrección de tarefas
2. Correo electrónico: ademais das dúbidas atendidas no Moodle o alumnado, conta como é de costume no departamento, ter a súa disposición un correo do profesor creado para que poidan facer consultas, resolver dúbidas, no caso de que haxa algún problema co Moodle.
3. Clases vía Webex: todo o alumnado de música terá a súa clase de música, respectando o horario establecido ao comezo de curso, ou, o que a dirección do centro marque para unha mellor organización .
4. Traballarase a edición de partituras co programa MuseScore

14.2.- AVALIACIÓN

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Corrección dos exercicios desenrolados cada semana.
- ✓ Corrección de traballos encomendados.
- ✓ Realización de exames teóricos e prácticos. Haberá varios exames práctico e teóricos dos contidos desenrolados.

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realízanse probas teóricas e prácticas :

➤ A proba teórica consta de:

- ✓ Exame de linguaxe musical (un por cada unidade didáctica ou, a lo menos dous exames por avaliación)
- ✓ Exame doutra materia teórica impartida no trimestre: edición de partituras con museScore, identificación auditiva e as súas características da música culta, música do mundo...

➤ A proba práctica consta de :

- ✓ Interpretación con percusión corporal dunha partitura rítmica.
- ✓ Realización dun ditado rítmico/melódico
- ✓ Lectura e interpretación dun repente musical (rítmico-melódico) en estrutura cuaternaria.

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

- 40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- 35% da cualificación das probas feitas na parte práctica e
- 25% restante será o que se desprende da realización satisfactoria dos exercicios semanais e traballos encomendados.

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas de final de avaliación (exames), agás no ditado rítmico, nos exercicios semanais e no traballos encomendados.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno

- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ Interpretar de memoria fragmentos de obras do repertorio traballado.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan nas clases telemáticas, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.



CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DO ÁREA DE HISTORIA DA MÚSICA E DANZA

Para 2º de Bacharelato



PROFESORES DO DEPARTAMENTO

VANESSA LORENZO UZAL ÁNGEL RODRÍGUEZ MELLID

INDICE

INTRODUCCIÓN	3
1.- MARCO LEGAL	5
2.- CONTEXTO	5
3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
4.- OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO	11
4.1.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE MUSICA PARA 2º BACH	12
5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	13
6.- ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	17
7.- METODOLOXÍA	21
8.- MATERIAL DE TRABALLO	23
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	23
10.- AVALIACIÓN	24
10.1.- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN	24
10.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	26
10.3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	26
10.4.-INDICADORES DE LOGRO	27
10.5.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	28
11.- TRATAMETNO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	29
12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	30
13.- DOCENCIA NON PRESENCIAL	30

INTRODUCCIÓN

Este documento é unha Programación Didáctica elaborada polos profesores do departamento de música do IES Isidro Parga Pondal.

A través do ensino da música, tentaremos acercar ao alumnado a valores como a tolerancia e o respecto, así como á apertura a novas formas de expresión e ao enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades.

Conceptos como autosuperación, autodisciplina, ou xestión e control das propias capacidades, son sempre traballados co alumnado desde este departamento, aproveitando a especial idiosincrasia das materias impartidas.

A metodoloxía utilizada esta baseada sempre nunha visión do ensino dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible. Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a ESCOITA ACTIVA, como parte fundamental do desenvolvemento das capacidades perceptivas dos alumnos e, cando o traballo e o ambiente na aula o permitan, usarase tamén a ESCOITA PASIVA, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento intentarase que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula é fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a

ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente nesta área, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Posto que a música e unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o traballo en grupos. Os grupos organizaranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

1- MARCO LEGAL

O noso sistema educativo está actualmente regulado pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Baseámonos no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e Bacharelato en Galicia.

2- CONTEXTO

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes . En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar , ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior.

Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis próximo está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aula Mentor)

A aula de música atópase na segunda planta do centro. Na aula hai ordenador, canón, e tres pizarras: unha clásica e dúas pautadas.

A aula está medianamente, aínda que non o suficientemente insonorizada.

Está moi ben dotada de material instrumental, comprado coa asignación do departamento para completar a dotación inicial. Isto facilita todos os anos a consecución dos obxectivos da programación.

Bótase en falta, aínda así, un aula máis espaciosa para poder desenvolver todos os contidos, xa que, frecuentemente é necesario utilizar outros espazos do instituto coa conseguinte molestia para todos.

ALUMNADO

As diferentes materias impartidas polo departamento e o alumnado son os seguintes:

MATERIA	NÚMERO DE GRUPOS					
	ESO				BACHARELATO	
	1º	2º	3º	4º	1ºBACH	2º BACH
INTRODUCCIÓN AO LINGUAXE MUSICAL	5					
MÚSICA		5	4			
LINGUAXE PRÁCTICA MUSICAL					1	
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA						1

A materia “ Introducción á linguaxe musical”, é de libre configuración do centro. Ten como finalidade, entre outras, facilitar ao alumnado o paso de primaria a secundaria na disciplina de música.

Recuperamos a sección bilingüe en 2º ESO, con dous grupos, tras o ano da adaptación a pandemia pola covid-19.

Perdemos un grupo de 4º ESO. Analizando esta circunstancia excepcional para o noso departamento, chegamos a seguinte conclusión: a música como outras disciplinas require un esforzo e traballo que o alumnado non está disposto a facer. Esta actitude observámola dende fai uns dous anos. Mais os valores do esforzo, disciplina, entre outros moitos máis, son indispensables na formación do alumnado para logo aplicar na vida diaria, por elo, consideramos que son unha das bases que deben aprender e, por tanto, o departamento de música vai seguir traballando nesa liña.

A materia de 1º Bacharelato, Linguaxe da práctica musical, e de 2º Bacharelato, Historia da música e da danza, impartirase novamente este curso.

3- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave aparecen reflectidas no marco legal no *Real Decreto* gran pilar da Educación Secundaria e expresan a súa finalidade en relación co resto dos elementos curriculares segundo a *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*.

As competencias clave son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A finalidade das competencias básicas son varias:

- **integrar as diferentes aprendizaxes**, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.
- **permitirle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes**, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos
- **orientar o ensino**, identificando os contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e a organización dos centros educativos.

Identificamos oito competencias básicas:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística. CCL
- 2.- Competencia matemática. CM
- 3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CCT
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital. CD
- 5.- Competencia social e cívica. CSC
- 6.- Conciencia e expresións culturais. CEC
- 7.- Competencia para aprender a aprender. CAA
- 8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. SIEE

Coa aprendizaxe da Música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán varias das competencias básicas seguintes:

1.- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva

dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

2.- Competencia matemática. (CM)

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

3.- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCT)

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que aparte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais

Analizando o funcionamento da industria discográfica, e incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que lles fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do entorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección das saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

4.- Tratamento da información e competencia dixital. (CD)

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

5.- Competencia social e cívica. (CSC)

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas o alumnado aprende valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e goce co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais - e entre elas, as musicais - proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorecen o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

6.- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

7.- Competencia para aprender a aprender. (CAA)

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

8.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que compe facer reparto de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

4- OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego
11	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.1.- OBXECTIVOS DO CURSO HISTORIA DA MÚSICA E DANZA PARA 2º BACHARELATO

1	Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as principais características formais, estéticas e estilísticas da obra a estudar, co fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.
2	Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, mediante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.
3	Coñecer e valorar a importancia da música e a danza como manifestacións artísticas dunha sociedade, así como as súas relacións coa literatura e as demais artes, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.
4	Desenvolver e ampliar a formación estética e o espírito crítico, adquirindo o hábito de escoitar ou presenciar espectáculos de música e de danza, en gravacións ou ben en directo, procedentes tanto da tradición clásica como doutras culturas ou de tendencias populares urbanas actuais, con vistas a construír un pensamento estético autónomo, aberto e flexible.
5	Empregar un léxico e terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.
6	Utilizar con autonomía as fontes bibliográficas, incluíndo as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.
7	Valorar e coñecer as achegas realizadas polo Estado Español, e en particular por Galicia, á música e á danza, con vistas a apreciar a súa relación co patrimonio artístico e cultural e apreciar a riqueza dos seus propios sinais de identidade.
8	Comprender e respectar as diversas manifestacións artísticas contemporáneas, impulsando a curiosidade e o interese cara a elas, con vistas a fomentar a ampliación, de xeito autónomo, das súas preferencias e gustos persoais.
9	Comprender o proceso de creación musical e coreográfico distinguindo os axentes que inflúen directamente na súa difusión: intérpretes, instrumentos, gravacións, partituras, medios de comunicación, etc.

5.- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS				Temporalización		Probas aval
	Tema / U.D.	Bloque B1-B2- B3-B4	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN B2: IDADE MEDIA B3: RENACEMENTO BLOQUE 4: BARROCO.						
	1	B1.2	A obra artística no seu contexto histórico.	SET		3	
		B1.3	Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.	SET		1	
		B2.1	Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino. Relación da música e da danza do medievo coa Antigüidade clásica	SET		2	
		B2.2	Música profana: xogares e goliardos. Instrumentos medievais	OUT		2	
		B2.3	Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	OUT		1	
	2	B 1.7	Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.	OUT	1		
		B 3.1	Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa	OUT	2		
		B3.2	Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. Danzas de corte: tipos e características	OUT	1		
		B3.3	O Renacemento en España: música vocal profana, polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo	OUT	3	x	
	3	B1.6	Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática	NOV	3		
		B4.1	Música no Barroco: características, periodización e escolas Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. Real Academia de Danza en París.	NOV	4		
		B4.2	Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.	NOV	3		
B 4.3		Formas instrumentais: orixe, características e evolución. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.	DEC	5	x		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
2ª Avaliac		B1- B5-B6	BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN BLOQUE 5: CLASICISMO. BLOQUE 6 : ROMANTICISMO/NACIONALISMOS				
		B1.1	Interpretación, análise e contextualización dunha obra instrumental clásica	XAN		2	
	4	B 5.2	Estilo Galante e Escola de Mannheim. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria	XAN		2	
		B 5.3	Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven	XAN		2	
		B 5.4	Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena	XAN		2	
		B 5.5	Clasicismo en España.	XAN		2	X
		B1.4	Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras	FEB		2	
	5	B 6.1	Romanticismo. – Orquestra romántica. Formas sinfónicas. fónicas. Sinfonía, concerto e música programática. – Piano romántico. Música de cámara. – Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo. – Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo	FEB		4	
		B 6.2	Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas.	FEB		3	
		B 6.3	Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras. Período posromántico no ballet.	MAR		1	
		B 6.4	Música e Danza en España. Rexurdimento musical en Galicia	MAR		1	X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
3ª Avaliac.		B1-B7-B8	BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN BLOQUE 7: PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS. BLOQUE 8: MÚSICA E DANZA NA 2ª METADE DO S.XX				
		B1.4	Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crean estas tendencias	MAR		1	
		B 7.1	Impresionismo: características musicais e figuras representativas. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas.	MAR		2	
		B 7.2	Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravinski.	MAR		2	
	6	B 7.3	Orixe e desenvolvemento da música de jazz. Concepcións da orquestra no S XX	MAR		1	
		B 7.4	Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna	ABR		1	
		B 7.5	Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc.	ABR		2	
		B 7.6	Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora	ABR		2	X
		B 1.5	Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.	ABR		1	
		B 8.1	Serialismo Integral .Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas graffias. Música electroacústica e música concreta. Postserialismo.	ABR		3	
		B 8.2	Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.	ABR		2	
	7	B 8.3	Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. Cante e baile flamenco..Música e danza popular galega	MAIO		2	
		B 8.4	Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX	MAIO		1	
		B 8.5	Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine..	MAIO		1	
	B 8.6	Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	MAIO		1	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		
	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
TODAS	B1-B9	BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN. BLOQUE 9: A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO				
	B 1.1	Escoita, visión, interpretación e análise de obras de música e danza			Estos contidos serán tratados durante todo o curso.	
	B1.2	A obra artística no seu contexto histórico.				
	B1.5	Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.				
	B 9.1	Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos				
B 9.2	Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. Instrumentos tradicionalmente					

6.- -RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación				Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais							
							Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
1	B1.2	HDMB1.1.2	CCEC	Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	100%	50%	40%	60%		X							
	B1.3	HDMB1.3.1	CCEC CCL	Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adqu	50%	20%		10%	10%		X	X					
	B2.1	HDMB2.1.1	CAA CCEC CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas	50%	50%	30%	50%	20%			x	x				
	B2.2	HDMB2.2.1		Cofece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos													
	B2.3	HDMB2.2.3															
B1.7	HDMB1.6.2	CCL CCEC CAA	Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	50%	20%	20%	40%	40%	X	X			X				
2	B3.1	HDMB3.1.1	CAA CCEC CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas	80%	50%	50%	30%	20%		X	X		X			
	B3.2	HDMB3.2.1	CCEC CSC CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos	80%	50%	40%	30%	50%	X	X			X	X		
	B3.3																
3	B1.6	HDMB1.5.2	CAA CCL	Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	30%	40%	15%	15%	10%	X	X						
	B4.1	HDMB4.1.1 HDMB4.2.1 HDMB4.1.2	CAA CCEC CSC CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos. Cofece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período	90%	50%	40%	10%	10%	X	X	X					
	B4.2																
	B4.3																

LENDA TRANSVERSAIS

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Competencia aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

CL Comprensión lectora
 EOE Expresión oral e escrita
 CA Comunicación audiovisual
 TIC Tecnoloxías da información e comunicación
 EMP Emprendemento
 EC Educación cívica
 PV Prevención da violencia

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
							Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
4	B1.1	HMDB1.1.1.	CCEC CAA	Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	70%	20%	30%	20%	20%	x	x					
	B5.2	HMDB5.2.1.	CCL CAA CSC CCEC	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos	80%	60%	40%	20%	20%	x	x					
	B5.3	HMDB5.1.2		Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	80%	20%		60%	20%	X	X	x				
	B5.4															
B5.5																
5	B1.4	HMDB1.4.2	CCEC, CCL	Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde	100%	40%	100%				x					
	B6.1	HMDB6.1.1. HMDB6.1.2.	CCEC, CAA CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas	70%	40%	50%		50%	x						
	B6.2			Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	80%	20%		60%	20%	X	x	X				
	B6.3															
	B6.4															

LENDAS TRANSVERSAIS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

3ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
							Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
6	B1.4	HMDB1.4.1.	CCL CAA CCEC	Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta	100%	20%		50%	50%	x	x					
	B7.1	HMDB7.1.1. HMDB7.1.2. HMDB7.2.1.	CAA CCEC CCL CD CSC	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas	20%	40%		10%	10%	x	x					
	B7.2			Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	80%	20%		60%	20%	x	x					
	B7.3			Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	60%	20%		30%	30%	x	x			x	x	
	B7.4															
	B7.5															
B7.6																
7	B1.5	HMDB1.5.1.	CAA CCEC CCL	Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	90%	20%										
	B8.1	HMDB8.1.1.	CAA CCEC CCL	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	20%	40%		10%	10%	x	x					
	B8.2	HMDB8.1.2.	CCEC CCL CD	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	80%	20%		60%	20%	x	x					
	B8.3	HMDB8.2.1.	CAA CCEC CSC CCL	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	60%	20%		30%	30%	x	x			x	x	
	B8.4															
	B8.5															
B8.6																

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

TODAS

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Identif. contidos	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos			Temas transversais						
						Proba escrita	Traballos aula/casa	Observación directa na aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
B1.1	HDMB1.1.2.	CM CCT	Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	85%	30%	35%	30%	20%		x	x				
B1.2	HDMB1.2.1	CCEC	Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza., interpretando obras de diferentes períodos co material Orff da aula	70%	30%	35%		35%	x	x	x		X		
B1.5	HMDB1.5.1.	CAA CCEC CCL	Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	30%	20%	10%	10%	10%	x	x	x	x			
B9.1	HMDB.9.1.1.	CCEC CCL CD	Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.	20%	20%			20%	x	x		x	X		
B9.2															

7. - METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A materia de historia da música e da danza cumpre unha función formadora e educativa, e posúe un potencial interdisciplinario fundamental á hora de realizar toda a formulación metodolóxica. Propóñense as seguintes orientacións didácticas para desenvolver o currículo desta materia:

- Promover a unidade de teoría e práctica.
 - Promover a participación activa do alumnado na aula nun ambiente de intercambio, colaboración e interacción.
 - Fomentar a creatividade do alumnado.
 - Potenciar a socialización, ademais de favorecer as relacións no grupo e o traballo de equipo.
 - Facilitar o contacto co exterior, a asistencia a audicións, concertos e espectáculos de danza, entre outros.
 - Partir dos coñecementos previos do alumnado e desenvolver os contidos de forma estruturada e coherente, de maneira que a posibilidade de construír novas aprendizaxes repouse no xa aprendido.
 - Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a motivación que sente de forma natural ante o fenómeno musical. Potenciaranse moi especialmente as posibilidades de comunicación a través do interese que posúe ante o feito musical, natural no ser humano, traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.
 - Fomentar a participación do alumnado na realización de traballos de investigación sobre autores e obras representativas dun estilo compositivo determinado.
 - Potenciar a utilización das TIC que estean ao seu alcance, tanto con fins educativos como para o seu tempo de lecer. Igualmente, fomentárase a lectura e análise de diferentes fontes documentais, tanto en formato impreso como en soporte electrónico multimedia
- Intentarase facer chegar aos alumnos e ás alumnas as distintas concepcións da música ao longo da historia, e como esta foi resposta ás distintas vivencias, sociedades e pensamento durante a historia da humanidade.

É interesante fomentar principalmente dúas liñas básicas:

Por un lado, a situación sociocultural que da lugar a cada tipo de manifestación musical, co que esta parte ten un alto contido interdisciplinar (historia, historia do arte, literatura, filosofía...).

Por outro, unha educación auditiva que permita ao alumno recoñecer e valorar as distintas estéticas da música ao longo do tempo; de todo isto dedúcese que unha ferramenta básica neste bloque será a audición e a escoita activa dos elementos da obra.

Isto leva implícitos dous niveis, por un lado o da comprensión profunda dos contidos teóricos, e por outro o da sensibilidade: o oído ten que ser capaz de percibir alturas, timbres, formas, dinámicas, pero tamén sensacións e sentimentos.

Estas dúas ideas están estreitamente relacionadas, pois o que se intenta conseguir é que o alumno, trala escoita atenta, poida valorar unha obra musical recoñecendo e tendo en

conta os elementos estritamente musicais da mesma, e ademais considerando a realidade sociocultural desa música composta noutro tempo e lugar.

Por último, hai que ter tamén en conta que inda que a escoita será a ferramenta básica, tamén o será a interpretación, que fará que interioricen máis os coñecementos adquiridos.

Entre as actividades tipo que utilizaremos ao longo do curso no desenvolvemento das distintas unidades didácticas podemos sinalar, entre outras, as seguintes:

Audición musical

A audición musical é unha das principais ferramentas coas que conta o profesor de música, e unha das principais vías de achegamento do alumnado á música. O reto está en evitar que a audición quede nunha actividade pasiva para dar paso ao que Copland na súa obra *¿Como escoitar a música?* (1.985) denomina **audición activa**, que permite unha maior comprensión e xa que logo, un maior goce da música por parte do oínte. Crear bos oíntes é un reto. A percepción será máis profunda na medida en que cada estudante poida incorporar experiencias significativas ao escoitado. Trátase non só de escoitar senón de escoitar algo.

Tamén se utilizará a audición comparada, procurando o maior contraste posible (defendido por pedagogos como Willems), para así facilitar aos alumnos a tarefa de identificación de estilos musicais e provocar un proceso de retroalimentación cos coñecementos xa asimilados. Este aspecto parécenos fundamental á hora de lograr unha comprensión significativa da evolución da Historia da Música. Esta actividade adquire especial relevancia neste curso.

Análise de partitura

Como complemento ao análise auditivo realizaranse análises de distintas partituras, xa que nesta etapa esta práctica implica un coñecemento máis profundo dos elementos da linguaxe musical, asociándoos coas distintas etapas da Historia da Música. En principio, seguiremos o mesmo esquema que para a audición.

Interpretación instrumental.

Realizaranse interpretacións no aula de obras relacionadas con aspectos da linguaxe musical e coas diferentes etapas da Historia da Música; do mesmo xeito, propóranse interpretacións de danza histórica. Aínda que non é un apartado que se contemple nas Probas de Acceso á Universidade, parece oportuno introducir a interpretación como estratexia metodolóxica para lograr aprendizaxes significativas nesta etapa. Conceptos como acorde, función tonal, textura monódica, polifónica ou homofónica, melodía e acompañamento, baixo continuo, ostinato, etc., compréndense moito mellor (e é probable que nunca se esquezan) logo de ensaiar e interpretado obras que os inclúan. Por outra banda, a interpretación de audicións é unha forma de afianzar o coñecemento destas pezas, que poderán recoñecer sen problemas tras a aprendizaxe significativa que se produce por medio da interpretación.

Comentario de texto

O texto histórico resulta unha fonte de primeira man para o coñecemento da Historia da Música e da Danza, posto que reflicte a situación dunha época ou compositor

determinado. Fomentaremos con esta actividade o interese pola lectura como fonte de información, e a valoración da lingua como vehículo de transmisión da cultura.

Uso de fontes de información

As opinións dentro do ámbito da Educación coinciden na importancia das novas tecnoloxías na escola, froito das características da sociedade na que vivimos. A materia de Música goza da vantaxe, sobre outras do currículo, de que as novas tecnoloxías estenderon a súa difusión e o seu acceso xeneralizado de forma asombrosa. Por exemplo, as páxinas web de temática musical teñen un gran peso no conxunto da rede, todos os estilos, instrumentos, formas e aspectos musicais están representados, aínda que con grandes desigualdades en calidade e importancia.

Xa que logo, para fomentar a aprendizaxe autónoma, a súa familiarización coas novas tecnoloxías e a súa capacidade de selección, os alumnos recompilarán datos a través dos medios informáticos e bibliográficos que dispoña o centro, pero será un estudo dirixido, para así asegurarnos a optimización e o éxito dos resultados.

8. - MATERIAL DE TRABALLO

- É necesario o uso dun caderno ou sistema de folios pautados, que sirva para a realización das tarefas, exercicios e actividades.
- Non haberá libros de texto. O profesorado do departamento facilitará ao alumnado o material cos contidos necesarios para o desenvolvemento da materia

9. - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Apoio a alumnos con discapacidades severas

Neste curso por falta de horas e profesorado non prestará apoio a este alumnado fóra da aula por parte das profesoras do departamento. Sí serán atendidos polas profesoras especialistas en pedagogía terapéutica un número de sesións que aínda están sen determinar. Estamos á espera da reunión co departamento de orientación para establecer a liña de traballo para cada un dos casos en particular.

Apoio ao alumnado con altas capacidades

Neste curso seguimos mantendo a atención nun recreo á semana ao alumnado con altas capacidades. Este proxecto está incluído dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Nestes momentos estamos á espera da reunión co departamento de orientación para organizar o alumnado deste ano.

10. - AVALIACIÓN

10.1.- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN

1. Identificar, a través da audición ou do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilos, e describir os seus trazos máis característicos, establecendo a súa pertenza a un período histórico. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, xénero, estrutura formal, características estéticas e trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
2. Emitir xuízos críticos e persoais sobre as obras escoitadas ou vistas mediante unha análise estética ou un comentario crítico, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada. Este criterio trata de avaliar, por unha parte, a capacidade do alumnado para expresar as súas propias valoracións persoais sobre obras ou interpretacións de obras concretas baseándose nas súas características artísticas e empregando, polo tanto, os coñecementos que posúe; e, por outra, o seu dominio da terminoloxía propia da música e a danza.
3. Situar cronoloxicamente unha obra tras a súa escoita ou visión e comparar obras de características similares representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando as súas semellanzas e diferenzas. Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar se o alumnado é capaz de recoñecer as características que lle permiten situar unha obra concreta nun período estilístico, así como se coñece e diferencia as principais características dos estilos, xéneros e escolas da historia da música e a danza.
4. Interrelacionar a historia da música e da danza, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender a complexidade do fenómeno artístico extraendo conclusións propias e reelaborando os coñecementos adquiridos na materia, así como a evolución do seu pensamento crítico no referente á súa capacidade de valoración das distintas etapas da historia da música e da función das obras no momento da súa creación.
5. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autoras e autores máis representativos da historia da música e da danza. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para analizar a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinan o posterior desenvolvemento dunha época, dun estilo ou dunha autoría determinada.
6. Realizar comentarios de textos relativos á música ou á danza. Este criterio avalía a capacidade para captar e describir as formulacións plasmadas pola persoa autora do texto e relacionalas coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.

7. Realizar e expor un traballo sinxelo que requira a procura de información nos medios ao seu alcance sobre algún aspecto determinado e relativo á música, á danza, á literatura ou á estética da arte de calquera época, actual ou pasada. Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de realizar e expor en termos aceptables un pequeno traballo, individual ou en equipo, no cal teña que manexar con autonomía distintas formas de información (sonoras ou escritas) e recorrer ás tecnoloxías da información e da comunicación ao seu alcance, empregando con rigor os datos obtidos.

8. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro. Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da comprensión do papel da música e da danza e o xeito en que se relaciona con outras artes para configurar xunto a elas unha obra artística total.

9. Identificar a función dos distintos axentes implicados na creación e difusión da música e da danza. Con este criterio preténdese que non só coñezan e valoren aspectos diferentes da composición, interpretación e edición que interveñen na creación da música, senón tamén que aprecien a contribución dos medios de comunicación, así como das tecnoloxías da información e da comunicación, á creación e difusión da música.

10. Recoñecer as características máis destacadas do patrimonio musical galego, así como do resto do Estado español, e adoptar unha postura activa sobre o mesmo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado á hora de entender e valorar o papel xogado por creadoras, creadores e intérpretes de Galicia e do resto do Estado español, así como de comprender a importancia da música e da danza patrimonial, mostrando unha postura activa cara ao seu coñecemento, protección, recompilación e transmisión

11. Interpretar co instrumental Orff as partituras traballadas, individualmente ou en grupo. Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar a técnica vocal, para cantar afinadamente un fragmento tonal aplicando as indicacións de expresión na partitura.

12. Identificar e interpretar fragmentos musicais de distintos períodos históricos. Con este criterio de avaliación búscase constatar a capacidade do alumnado de interpretar – vocal e instrumentalmente-, mantendo unha cohesión co período histórico determinado.

13. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio (musical e coreográfico), seleccionados entre os propostos polo alumnado. Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumnado, a súa capacidade de memorización, o desenvolvemento da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e ante os seus compañeiros e compañeiras.

10.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución do alumno á hora de desenvolverse nas actividades interpretativas e de creación musical. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material máis aló do traballo diario no aula, máis nesta materia na que os alumnos carecen de libro de texto.

Os exames escritos son un método máis de diagnóstico do proceso de ensino-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- 40 % da nota atribuíble aos exames que se fagan coincidindo coa avaliación.
- 50% será determinada polo traballo na aula do alumno, interpretacións, comentarios de texto, de audicións e visionados coreográficos. Valorarase o grao de asimilación dos contidos, a expresión madura cunha linguaxe axeitada, a interpretación axustada conforme ao traballado no día a día, a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na medida. Será sancionada a non participación do alumnado nestas actividades, xa que impedirá a avaliación positiva na materia independentemente da nota matemática conseguida nos outros procedementos avaliadores.
- 10 % por traballos e exercicios que se fagan na casa, presentacións que se propoñan para o aula, e demais traballos que se fagan na materia. Considerarase a tal fin, tanto os traballos de exercicios, como os proxectos baseados en lecturas, podcasts, buscas en Internet, presentacións ou creacións informáticas que sexan propostos na clase.

10.3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Do apartado anterior dedúcese que os procedementos para a avaliación dos alumnos serán basicamente de tres tipos. Para os cales utilizaremos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

- As actividades musicais e coreográficas, comentarios de textos, audicións e visionado de coreografías que se fagan na clase, e que serán consideradas diaria e individualmente polo docente para cada estudante. Incluiríamos dentro delas as seguintes.
- Lecto-escritura de fragmentos sinxelos.
- Interpretación por medio dun instrumento dunha partitura proposta.
- Interpretación de coreografías históricas

- Comentarios de textos que axuden a unha mellor comprensión da evolución da historia da música e da danza.
- Comentarios de audicións, seguindo as pautas establecidas pola docente para cada unha das audicións.
- Comentarios de coreografías de repertorio básico.
- Realización de pequenos cuestionarios, webquests e probas dos contidos desenvolto en cada bloque. Dentro dos traballos musicais que o alumno terá que preparar ao longo do curso consideraremos dúas categorías de exercicios.

1. Os que serán presentados por escrito e que servirán como base para a preparación dos exames dos alumnos e complemento dos apuntes que eles mesmos collan dentro das clases, terán que ser recompilados polos alumnos, e incorporar aqueles que sexan obxecto de corrección por parte da profesora, e ser presentados no momento en que sexan solicitados como parte da actividade avaliadora.

2. Aqueles que sexan doutro carácter como presentacións, debates, traballos coa informática musical ou as TIC ou outras actividades de contido oral ou virtual, serán valorados de forma diaria e individual polo profesor no momento de realizar actividade.

Cada trimestre o alumnado desenvolverá un glosario de termos musicais e de danza coa súa correspondente definición. Este glosario estará relacionado directamente coa evolución da música e da danza ao longo da historia. Este vocabulario axudará directamente á hora de realizar comentarios de audicións, coreografías e textos. Os exames constarán das seguintes partes:

1. A primeira parte, terá un contido máis teórico, daqueles elementos que se traballen na avaliación, cun tema a desenvolver e preguntas curtas.

2. A segunda parte, constará dun comentario de audición. Servirá para comprobar a capacidade do estudante para discriminar auditivamente os elementos sonoros e situalos no contexto histórico determinado.

10.4.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.

- Analiza correctamente, situando temporalmente e analizando os distintos parámetros da música e da danza segundo o contexto histórico.

- Recoñece as características fundamentais de cada período histórico, así como os autores máis importantes.
- Relaciona as distintas manifestacións artísticas, así como correntes filosóficas entre si, de forma que pode utilizalas nun comentario de texto/audición/coreografía, así como no desenvolvemento dun tema.
- Comprende a evolución das distintas agrupacións musicais, principalmente da orquestra.
- Analiza a evolución das texturas musicais e as recoñece auditivamente.
- É capaz de definir a evolución da técnica coreográfica e establece correctamente as distintas escolas interpretativas.
- Relaciona con precisión os distintos movementos musicais e coreográficos cos seus creadores máis relevantes
- Interpreta en grupo pezas musicais máis complexas co instrumental Orff
- Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa
- É capaz de tocar individualmente a partichela dunha peza musical para instrumental Orff acompañado polo resto das liñas melódicas da partitura.
- Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación
- Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
- Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
- Respéctase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.

10.5.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos son:

- 1- Valoración dos resultados das avaliacións do alumnado
- 2- Comparación dos obxectivos realmente acadados e os propostos na programación
- 3- Enquisa ao alumnado sobre as dificultades atopadas

11. - TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para coidala saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na pubertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

12- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este ano escolar 2021-2022 , o claustro decidiu por maioría, non realizar actividades complementarias fóra do centro escolar; polo tanto, determinadas tarefas, como asistir aos concertos didácticos, musicais, a viaxe a Viena, etc..., suspéndense un ano máis.

Deste xeito, só levaremos a cabo as seguintes actividades complementarias:

- Participación do alumnado con diferentes interpretacións musicais, vocais e instrumentais para conmemorar festividades ou datas destacadas coma o Samaín, Entroido, Nadal...
- IV Semana da música: actividades musicais de formación para o alumnado e profesorado de música. Este proxecto foi deseñado dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.
- Diferentes audicións no centro realizadas polos alumnos de música do IES Isidro Parga Pondal
- Asistencia a actividades musicais on-line que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ter un gran interese para a formación musical do alumnado.
- Colaboración coa radio do IES e coa biblioteca.

13.- DOCENCIA NON PRESENCIAL

13.1.- CONTIDOS E METODOLOXÍA

En caso de non poder exercer a docencia de xeito presencial, seguirase a programación do curso con tarefas propostas en Moodle, explicación e orientación do traballo das tarefas, titorías virtuais, vídeos e audios explicativos. Para elo empregaremos webex, moddle e correos electrónicos.

Avanzarase na materia telemáticamente:

1. Mediante os cursos na Aula virtual: un curso Moodle para cada grupo de 1º Bach, con exercicios, vídeos explicativos, entregas e corrección de tarefas
2. Correo electrónico: ademais das dúbidas atendidas no Moodle o alumnado, conta como é de costume no departamento, ter a súa disposición un correo do profesor creado para que poidan facer consultas, resolver dúbidas, no caso de que haxa algún problema co Moodle.
3. Clases vía Webex: todo o alumnado de música terá a súa clase de música, respectando o horario establecido ao comezo de curso, ou, o que a dirección do centro marque para unha mellor organización .
4. Traballarase a edición de partituras co programa MuseScore

A interpretación instrumental e todo traballo relacionado coas audicións (a súa identificación , análise técnico, expresivo..) serán os máis perxudicados neste tipo de docencia. A parte interpretativa co instrumental Orff non é posible avaliala e o traballo coas audicións dificultase, xa que nas clases telemáticas é inviable poñelas por cuestións técnicas de son, xa que non se escoitarían correctamente por todos.

A parte interpretativa podemos suplila mediante o traballo de obras contemporáneas con percusión corporal. A labor coas audicións, pódese salvar, mediante vídeos explicativos que o profesorado preparará para que o alumnado chegue a eses contidos; desa forma nas clases telemáticas o alumnado preguntaría as dúbidas unha vez que os visionaran.

13.2.- AVALIACIÓN

As ferramentas de avaliación serán:

- ✓ Corrección dos exercicios desenrolados cada semana..
- ✓ Corrección de traballos encomendados.
- ✓ Realización de exames prácticos dos contidos desenrolados.
- ✓ Realización de exames teóricos dos contidos desenrolados. Os exames escritos son un método máis de diagnóstico do proceso de ensino-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- 30 % da nota atribuíble aos exames que se fagan coincidindo coa avaliación.
- 50% será determinado polas interpretacións do alumnado, traballo das audicións, comentarios de texto, de audicións e visionados coreográficos. Valorarase o grao de asimilación dos contidos, a expresión madura cunha linguaxe axeitada, a interpretación

axustada conforme ao traballado no día a día, a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na medida. Será sancionada a non participación do alumnado nestas actividades, xa que impedirá a avaliación positiva na materia independentemente da nota matemática conseguida nos outros procedementos avaliadores.

- 20 % por traballos e exercicios que se fagan na casa, presentacións que se propoñan para as clases virtuais, e demais traballos que se fagan na materia. Considerarase a tal fin, tanto os traballos de exercicios, como os proxectos baseados en lecturas, podcasts, buscas en Internet, presentacións ou creacións informáticas que sexan propostos na clase.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- ✓ En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- ✓ O traballo e esforzo do alumno
- ✓ A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- ✓ Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- ✓ O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- ✓ Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan nas clases telemáticas, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.